



**Informe técnico sobre a proposición presentada no sobre B (Documentación técnica e relativa aos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor) pola empresa concorrente á contratación administrativa do servizo para a xestión da producción audiovisual do Parlamento de Galicia mediante procedemento aberto.**

Unha vez rematado o prazo para a presentación de proposicións para a contratación do servizo para a xestión da producción audiovisual do Parlamento de Galicia, únicamente presentou oferta a empresa Spica, S.L.

Analizada a documentación técnica relativa aos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor, presentada pola empresa única concorrente, compre a súa avaliación. Segundo o punto 16 do cadro de especificacións do PCAP, os criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor son:

- Plan de organización do servizo: valorarase o plan de traballo proposto polos licitadores, atendendo especialmente á metodoloxía empregada e adaptada ao Parlamento de Galicia, organización do servizo, planificación da actividade, proposta de innovacións, distribución de tarefas entre o persoal, e seguimentos e control da prestación. **De 0 a 25 puntos.**
- Investimentos con cargo á empresa coa finalidade de mellorar a calidade do servizo: **De 0 a 19 puntos.**
  - Melloras nos formatos de emisión e gravación
  - Melloras nas calidades de audio e vídeo
  - Optimización do espazo de almacenamento do arquivo audiovisual

Spica SL cumple cos mínimos esixidos e inclúe información respecto ao plan de organización do servizo, á metodoloxía empregada e adaptada ao Parlamento de Galicia, á organización do servizo, á planificación da actividade, á proposta de distribución de tarefas entre o persoal, e ao seguimento e control da prestación.

Presentase dentro do plan de organización do traballo un detalle exhaustivo do:

- Mantemento preventivo e correctivo do material audiovisual do PG.
- Plans de probas de estabilidade xeral, e probas de estabilidade con condicións máximas de calidade de gravación.
- Persoal cos coñecementos necesarios para o desenvolvemento dos traballos
- Soporte de segundo nivel na empresa que garante os coñecementos necesarios para atender ás necesidades do servizo.

Como melloras presenta as seguintes:

Para a realización das tarefas solicitadas no PPT Spica aportará ademais dos medios existentes no parlamento para a realización de directos:

1. Cámara portátil con baterías e soporte da gravación no formato HD
2. Unidade da Posproducción e titulación AVID newscenter con módulo avanzado de audio e efectos dixitais de vídeo
3. Aínda que o persoal descrito na proposta de primeiro nivel, ten capacidade para a realización destes produtos, Spica aportará un realizador profesional non adscrito ao servizo



Así mesmo, presenta con respecto ás melloras availables mediante criterios non matemáticos as seguintes:

- Melloradas nos formatos de emisión e gravación:
  - Pasar a formato de emisión en H264
  - Formato de gravación MPEG2
  - Formatos de almacenamento en HD
- Melloradas nas calidades de audio e vídeo
- Optimización do espazo de almacenamento do arquivo audiovisual

Así mesmo a empresa presenta na súa oferta o seguinte material como mellora:

*Mediante la aportación de este material in situ se amplía la capacidad de producción mediante un conjunto completo y autónomo de Cámara, posicionador, óptica, tarjeta SDI y controladora. Del mismo modo todos los modelos son iguales a los existentes en el Parlamento y permiten la sustitución inmediata ante cualquier incidencia en cumplimiento del compromiso del SLA.*

*Del mismo modo se aporta una unidad CCU DCN, una fuente de alimentación del sistema y 5 unidades activas de escaño para el sistema existente en el pleno, para intervención inmediata, garantizando el SLA propuesto*

*Se aporta una unidad de Videoconferencia IP que permitirá la comparecencia remota de intervenientes en las comisiones y cualquier otra comunicación remota en eventos institucionales.*

Á vista da proposición presentada, comprobouse a súa conformidade e adecuación ás cláusulas administrativas e técnicas dos pregos e en atención aos criterios de avaliación establecidos no cadre de especificacións do prego de cláusulas administrativas.

Dado que se trata da única oferta recibida e comprobada a súa conformidade cos mínimos esixidos, proponse continuar co proceso de contratación.

Santiago de Compostela, 1 de agosto de 2014

Xefe do Servizo de Tecnoloxías da Información

Pedro Vila López

Dirección de RRHH e Régime Interior